

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 29/03/1957

Colección:

Data: 29/03/1957

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Orixe:

Policarpo Sanz, 22 (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa e co membrete:] V. Paz-Andrade / Abogado / Policarpo Sanz, 22. Tel. 1562 / Vigo

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Asuntos particulares; Medios de comunicación; Prensa escrita;

Mencionados:

Isaac Díaz Pardo; Norberto Frontini; Domingo García-Sabell; Xosé Núñez Búa; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 29/03/1957

Vigo, 29 marzal 1957

Querido Luis:

O comisario do Alberto Dodero, que se non chegou debe estar a chegar a Buenos Aires, leva pra ti un sobre con bastantes fotografías, feitas por Isaac Diaz Pardo. Deixoun-as eiquí pra mandal-as en man de mensaxeiro seguro e non tuvemos outro n-esta tempada. Prometéu que faria a encomenda a domicilio, e leva o sobre direición e coido que até teléfono. Non debe, pois, perderse o envío, mais quero informarte por si se retarda ou quere recollel-o na sede da Compañía.

Isaac dispónse a voar de novo par-a Arxentina. Ten feito recentemente algunhas pezas de cerámica verdadeiramente belas e graciosas. Cada día vai manexando con mais dominio e novidade executiva, unha materia tan delicada, e todo o

pequeno mundo das suas figuras fala en formas galegas limpamente renovadas. Teño unha gran fé no artista, pro tamen a teño no grande home que concentra no seu pequeno corpo. Ten unha concepción dereita e dereita dos problemas da existencia galega, un ollo penetrante que cala até o cerne das cousas, e un armoñoso ritmo no xuízo sobr-os demais e sobre os feitos de cada hora.

Recibín no seu día as catro monografías de arte, tan certamente escollidas. Non poden aínda entregar a de Domingo, porque non poden aínda pasar por Sant-Yago. El pasou por Vigo de camiño pra Caracas, onde se atopa, mais eu non supen ren do seu viaxe. Cando volva terá o libro na casa, pois penso ir a Cruña n-estes días.

Galicia Emigrante madurece en cada numaro un pouco. É un miragre mais que frorece na gloria dos eisilados, aínda que a obra teña un home eixe a quén se deba a súa sustantividade. Agora ben, un esforzo tan fundamental e ben levado, recrama unha maor propagación. Cecais, n-este intre, o espallamento da órbita, penetrando con ela n-as zonas afíns ou simplemente influenciabres da Galiza, esixira certa suavización modal sin concesións ideolóxicas, mais a sementeira adquiriría un volume moito maor, e enchería un valeiro que se sinte cada día mais, principalmente pra labrar horizontes ao esprito das mocedades. O tema está reclamando unha cavilación mais fonda, e cecais algún día poidamos adicarlla.

Pilar agradece moito, a ti e a Maruxa, vosa sempre viva lembranza. Transmite a tua ademirabre compañeira noso latexo mais cordial, c-unha aperta forte pra ti de

Valentín

P.D. Moitas lembranzas a Pepe Nuñez, Norberto e demais amigos escolleitos. Maside atopase en Vigo, mais estes días tuvo unha volta de saude, da que se está repoñendo.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.